

EUNETHTA

EUnetHTA Joint Action 3 é unha rede colaborativa de axencias e organismos públicos de avaliación de tecnoloxías sanitarias (ATS) en Europa, financiada pola Comisión Europea.

Ver máis en [Youtube](#).

EUnetHTA Joint Action 3 é unha acción conxunta en ATS, financiada pola Unión Europea baixo o Programa de Saúde, a través dunha rede colaborativa de axencias e organismos públicos de ATS en Europa. Esta JA3 foi concebida como o órgano científico-técnico da cooperación europea en avaliación de tecnoloxías.

A EUnetHTA JA3 comenzou oficialmente en maio de 2016 e actualmente está en período de prorroga ata xuño de 2021. Avalia-t forma parte de la EUnetHTA Joint Action 3 (2016-2019). Consulta [aquí as axencias que forman parte da JA3](#).

A finalidade desta cooperación é aumentar o uso, a calidade e a eficiencia do traballo conxunto en ATS a nivel europeo e sustentar a selección sostible e equitativa das prestacións sanitarias, asegurando a reutilización dos informes e outros produtos de ATS a nivel nacional e rexional. As accións definidas no plan de traballo para esta JA3 son:

- Aumentar a produción de traballos colaborativos de ATS, incluíndo informes de avaliación, guías e outras iniciativas científicas.
- Promover a xeneración de evidencia apropiada para a ATS, incluíndo a asesoría científica aos fabricantes a nivel da UE.
- Asegurar a calidade científica e promover a reutilización dos traballos a nivel nacional e internacional.
- Manter actualizadas as ferramentas de apoio, capacitación e comunicación.
- Proporcionar soporte administrativo.
- Establecer os procesos de traballo entre os membros participantes, incluíndo os cambios na regulamentación que poderían ser necesarias para a sostenibilidade financeira.

Avalia-t participa nesta acción conxunta a través de dúas liñas de traballo concretas:

- Produción de informes conxuntos de avaliación: O compromiso adquirido é elaborar 1 informe conxunto de avaliación por ano, que se realizará en colaboración con outras axencias de avaliación europeas. A metodoloxía e prazos de realización veñen determinados polos procedementos de traballo de EUnetHTA. Consulta [aquí máis información sobre los informes conxuntos](#).
- Xeración de evidencia adicional: O compromiso adquirido é o asesoramento para a posta en marcha de rexistros internacionais sobre dispositivos médicos a nivel europeo. Consulta [aquí máis información sobre actividades de xeración de evidencia adicional](#).